

ANUNCIO

PUBLICACIÓN DA APROBACIÓN DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA, CONTAS XUSTIFICATIVAS E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO

Por medio do presente, publícase o Decreto da Alcaldía nº 771/2020, do 29 de decembro, cuxo texto se transcribe deseguido. En aplicación do disposto na norma 9.5 das bases reguladoras e consonte o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta publicación servirá para os efectos da súa notificación.

«EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEDEUME, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA AUTÓNOMOS/AS OBRIGADOS A SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO SEGUNDO R.D. 463/2020 DE 14 DE MARZO

EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000869

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Á vista do Informe-proposta de resolución de data 28 de decembro de 2020, emitido polo instrutor do procedemento e cuxos antecedentes e consideracións legais, se transcriben literalmente deseguido:

“INFORME-PROPOSTA DO INSTRUTOR: CONCESIÓN DEFINITIVA, APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS E PAGO DAS AXUDAS XUSTIFICADAS

Unha vez transcorrido o prazo de alegacións ou emendas, logo da análise da documentación achegada polas persoas interesadas, o órgano instrutor do procedemento emite o seguinte INFORME-PROPOSTA en relación coa concesión definitiva, a aprobación das contas xustificativas e o pago das axudas xustificadas, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

- *En data 21 de maio de 2020, aprobáronse por Decreto da Alcaldía nº 287/2020, as bases reguladoras e a convocatoria pública das axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Pontedeume, para paliar os efectos do COVID-19: Liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo o RD 463/2020, de 14 de marzo, que foron publicadas no BOP da Coruña, nº 75, do 28/05/2020 e na Base de datos nacional de subvencións (BDNS), con código de identificación nº 509008.*
- *A resolución provisional de concesión foi aprobada mediante decreto da Alcaldía nº 689 do 27/11/2020 (Exp. nº 2020/G003/000758) e foi publicada no taboleiro da sede electrónica do Concello de Pontedeume en data 30/11/2020.*
- *A dita resolución concedeu un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións e/ou emendas. A maiores, en relación coas solicitudes recollidas no*



parágrafo 1.2 do resolutivo primeiro, as persoas beneficiarias da axuda debían presentar obrigatoriamente no antedito prazo, os contratos de traballo indicados, para acreditar a puntuación outorgada provisionalmente.

- Foi revisada de novo a documentación presentada e examinados os xustificantes de gastos subvencionables presentados, co fin de aprobar as correspondentes contas xustificativas e ordenar o pago das contías debidamente xustificadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- o Bases reguladoras (BOP da Coruña, nº 75, do 28/05/2020)
- o Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra (BOP da Coruña, nº 142, do 21/06/2008)
- o Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante, LXS)
- o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante RLXS)
- o Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG)
- o Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- o Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.
- o Calquera outra disposición normativa que, pola súa natureza, puidese resultar de aplicación.

II. EXAME DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA E CONCLUSIÓNS.

PRIMEIRO.- Documentación que tiña que ser presentada obrigatoriamente, segundo o resolutivo primeiro, parágrafo 1.2.

Na resolución provisional (resolutivo primeiro, parágrafo 1.2) recoñeceuse a algunhas persoas beneficiarias un importe de axuda, en función dos puntos do baremo obtidos, suxeito á condición de presentar obrigatoriamente, no prazo outorgado para alegacións, os contratos de traballo do persoal polo que obtiveron a dita puntuación. De tal maneira, que de non facelo, perderían os puntos outorgados provisionalmente en aplicación da norma 7, apartados b), c) e d), e reduciríase a contía da axuda proposta no importe proporcional correspondente.

- As seguintes persoas beneficiarias manteñen o importe de axuda concedido provisionalmente.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***1319**	202099900000460	2	3	2	7	420 €
***1691**	202099900000520	2	3	5	10	600 €
***0568**	202099900000613	2	3	4	9	540 €



- As seguintes persoas beneficiarias presentaron contratos do persoal empregado, pero tendo en conta que as xornadas inferiores a 20 horas semanais non se valoran, a súa puntuación vese reducida, e polo tanto, a contía da axuda a que teñen dereito.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***3709**	202099900000444	2	3	2	7	420 €
***6569**	202099900000521	2	3	0	5	300 €

SEGUNDO.- Alegacións e emendas ás causas de exclusión.

CAUSA 1ª: “Non ser o/a solicitante unha persoa física autónomo/a-empresario/a individual”.

Con rexistro de entrada nº 2020999/1798, presentouse un escrito de alegacións, no que, en síntese, a representación de Eume Asesoría, manifesta a súa desconformidade coa resolución provisional e alega que contén erros de forma, porque o motivo de exclusión (por tratarse de persoas xurídicas), non se reflicte nas bases da convocatoria, e solicita a inclusión dos autónomos societarios como beneficiarios.

En primeiro lugar, examínase a lexitimación para formular alegacións. A representante actúa en nome de Eume Asesoría, que non figura como interesada no procedemento, e non acredita que presente as alegacións en nome e representación concreta de ningún interesado. Polo que non ostentaría lexitimación para presentalas.

Por outra banda, en canto ao fondo das súas alegacións, estas baséanse principalmente en que a exclusión das empresas con forma de persoa xurídica, non consta expresamente nas bases reguladoras e que o grupo de posibles beneficiarios debería incluír aos autónomos societarios, por ser un colectivo afectado polo peche decretado polo estado de alarma.

A exclusión motivada pola forma xurídica despréndese directamente do teor literal da convocatoria. Así, no mesmo título indícase que é unha liña de axudas específica para autónomos/as, non para sociedades. A norma 1 das bases, que recolle o obxecto da convocatoria indica que se trata dunha axuda para paliar as perdas económicas das persoas autónomas de Pontevedra, dando soporte ás persoas autónomas con establecementos pechados por mor do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo e normativa complementaria, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas máis afectadas, como as persoas autónomas.

No mesmo sentido, a norma 4, establece que poden solicitar a subvención os autónomos/autónomas. A referencia que se fai nas bases a “empresa/negocio” ou “entidade” non se refire a persoas xurídicas, senón como equivalente a establecemento comercial. Polo que se refire ao campo “tipo de autónomo”, este é un campo tipo para aclarar a condición en que presenta a solicitude, que non outorga ningún dereito.

As alegacións en canto á determinación dos colectivos que puideran ser beneficiarios das axudas e os posibles defectos de redacción das bases reguladoras, deberían terse formulado no momento procedimental oportuno, mediante recurso fronte a convocatoria e as bases.

Polo exposto, procedería desestimar a súa solicitude.



CAUSA 2ª: “Non ter sido afectada a actividade desenvolvida polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo. A estes efectos, tívose en conta o código CNAE indicado no Anexo I pola persoa solicitante. Agora ben, tendo en conta que un mesmo código permite a realización de varias actividades, durante o prazo de alegacións poderá achegar documentación que acredite que a actividade realizada, ten encaixe entre as actividades suspendidas polo dito real decreto”.

A este respecto foron presentadas alegacións e documentación complementaria, nas que se acredita que a súa actividade resultou afectada pola normativa de desenvolvemento (estatal e autonómica) do RD 463/2020, de 14 de marzo. Tendo en conta a dita normativa, revisáronse de oficio as demais solicitudes excluídas pola dita causa, resultando que algunhas delas foron afectadas polas sucesivas medidas de peche derivadas da declaración do estado de alarma.

Polo antedito, procedería recoñecer ás persoas que figuran na seguinte táboa, como beneficiarias da axuda e establecer a valoración e a contía da subvención correspondente, consonte o baremo.

DNI/NIE	REGISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***0258**	202099900000443	2	3	-	5	300 €
***8441**	202099900000462	2	3	-	5	300 €
***0126**	202099900000437	2	3	-	5	300 €
***0669**	202099900000481	2	3	-	5	300 €
***4907**	202099900000512	2	3	-	5	300 €

CAUSA 3ª: Non estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), autonómica e local, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención.

O requisito anterior está recollido na norma 5 das bases reguladoras, en consonancia coa normativa estatal e autonómica de aplicación. Así, a LXS, no artigo 13.2.e) dispón que non poderán obter a condición de beneficiario, as persoas que non se achen “ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente”. No mesmo sentido, a LSG, establece no artigo 10.2.e) o requisito de “acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos términos que regulamentariamente se determinen”.

Polo que se refire aos momentos da acreditación, a lexislación aplicable establece no artigo 14.1.e) LXS e o artigo 11.2.e) LSG, que é unha obriga propia das persoas beneficiarias: “Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente (...)”.



Polo tanto, este requisito debe cumprirse antes de ditar a proposta de resolución da concesión, pero ademais debe mantelo ata a data do pago da subvención, segundo dispoñen o artigo 34.5 LXS e artigo 31.7 LSG.

A interpretación do antedito artigo 13.2.e) LXS, vén recollida no artigo 18 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que indica que se considerará que os beneficiarios se achan ao corrente das obrigas tributarias cando non manteñan co Estado débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen adiadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida. O mesmo texto legal, refírese ás obrigas coa TXSS no artigo 19. A regulamentación autonómica pronúnciase en similares termos no artigo 8 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Finalmente, estes regulamentos dispoñen que os requisitos se acreditarán coas correspondentes certificacións, que unha vez expedidas, terán validez durante o prazo de seis meses a contar desde a data de expedición (artigo 23.3 do Regulamento da LXS e artigo 10.5 do Regulamento da LSG). Nas ditas normas establécese ademais a posibilidade de substituír a certificación por unha declaración responsable en determinados supostos.

Tal como se indicou, as bases reguladoras establecen a obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, desde a data de presentación da solicitude, ata a data do pagamento da subvención. En tanto que a lexislación aplicable exige a acreditación en dous momentos concretos, antes de ditar a proposta de resolución de concesión e antes de efectuar o pagamento.

Se aplicásemos literalmente o requisito establecido nas bases, isto obrigaría a solicitar información á AEAT, á ATRIGA e á TXSS, así como á Tesourería municipal, todos e cada un dos días do antedito prazo, para comprobar que se cumpre con el. Atendendo ao volume de solicitantes e a carga de traballo do persoal municipal sería unha práctica impensable, ademais de ineficiente.

Por outra banda, hai que salientar que os certificados emitidos polas axencias tributarias e pola TXSS teñen unha validez de seis meses desde a data de emisión e, a maiores, hai que ter en conta que as persoas solicitantes presentaron xunto coa solicitude unha declaración responsable de cumprimento do dito requisito.

Por estas razóns, realizáronse as consultas pertinentes nun momento concreto, no mes de outubro, antes de efectuar a proposta de resolución. Estas consultas, nalgúns casos, arroxaron un resultado negativo e, na súa consecuencia, as persoas solicitantes foron excluídas como beneficiarias da subvención na resolución provisional. Agora ben, algunhas delas presentaron alegacións e documentación complementaria durante o prazo de alegacións.

Exame das alegacións e da documentación achegada en relación coa causa 3ª

*A) ALEGACIÓNS DESESTIMADAS: Tendo en conta que as alegacións e a documentación achegada non desvirtúan o contido das consultas efectuadas, pois non chegan a acreditar que os/as alegantes cumpriran co requisito establecido na norma 5 das bases reguladoras durante todo o período exixido e segundo exige a normativa de aplicación, **proponse a desestimación** das alegacións e polo tanto, a exclusión como beneficiarios/as da axuda, polas causas específicas que se indican.*

Alegacións rexistro de entrada nº 2020/2592 (rex. ent. inicial 202099900000538)



Esta alegación foi presentada no rexistro xeral do Concello por medio de correo administrativo certificado. Aínda que as bases establecen que a tramitación do procedemento se realizará por medios electrónicos, tendo en conta que non foi requirido para a súa emenda, dada a brevidade do trámite, admítese a súa presentación por este medio, ao non menoscabar os dereitos dos demais participantes no procedemento.

A alegación está fundamentada en que descoñecía a existencia da débeda co Concello de Pontevedra, que ascende a un total de 0,04 € e que se refire ao importe pendente dunha liquidación do exercicio 2017. Presenta xustificante de pago do importe do principal da débeda de data 04/12/2020.

Ademais alega que sofre indefensión e grave prexuízo ao non térselle concedido trámite de emenda da súa solicitude, consonte o artigo 68 LPAC, así como pola inactividade do Concello que non lle reclamou a débeda pendente, que xa tería aboada nese caso.

Achega documentación que acredita que no momento do cargo en conta do importe da liquidación, existía na conta corrente saldo suficiente para satisfacer o importe completo da débeda e que foi un erro material da entidade bancaria non efectuar o pago total. Así mesmo, acredita o pago de liquidacións de exercicios anteriores e posteriores polo mesmo concepto, significando que, en todo caso, foi un erro involuntario.

Da documentación achegada despréndese que foi notificado debidamente do importe total da cota da liquidación e que ese importe non foi ingresado na súa totalidade en período voluntario de pago. Á data do informe solicitado á Tesourería municipal a débeda pendente non estaba aboada, polo que non cumpre co requisito exixido nas bases. Este é un requisito que debe cumprirse desde o momento da solicitude e que, polo tanto, non admite emenda.

Polo que se propón a desestimación da alegación presentada.

Alegacións rexistro de entrada nº 2020999/1797 (rex. en. inicial 20209990000578)

Presenta escrito de alegacións, xunto cun certificado conforme non tiña débeda pendente en data 15/06/2020, na data de presentación da solicitude de axudas.

Agora ben, a consulta efectuada á TXSS, na que se indica que non está ao corrente no cumprimento das obrigas de pago coa Seguridade Social, é de data 14/10/2020. Tendo en conta que o requisito debe cumprirse desde o momento de presentación da solicitude, pero tamén antes da proposta de resolución, o alegante non cumpre con el, polo que se propón a desestimación das alegacións.

B) ALEGACIONES ESTIMADAS: *Tendo en conta que as alegacións e a documentación achegada contradín ou fan xurdir dúbidas respecto do contido das consultas efectuadas, considerando o momento en que estamos, a carga de traballo dos departamentos e a brevidade dos prazos establecidos; que os/as alegantes teñen solicitado información a entidades externas; así como o prexuízo que podería producirse para as persoas interesadas de non facelo así, **proponse a estimación** das alegacións e polo tanto, a inclusión como beneficiarios/as da axuda, polas causas específicas que se indican.*

Ademais proponse aprobar as contas xustificativas presentadas e, na súa consecuencia, a aprobación do gasto correspondente, quedando condicionado o pago a que acrediten o



cumprimento do requisito da norma 5 das bases reguladoras. De non acreditálo, ao ser un requisito imprescindible para ser recoñecido como beneficiario/a, perderían o dereito recoñecido.

Alegacións rexistro de entrada nº 2020999/1787 e 2020999/1793 (rex. ent. inicial 202099900000554)

Xunto co escrito de alegacións presenta documentación que acredita a solicitude dun fraccionamento en período voluntario de pago, que foi concedido en data 05/08/2020 e cuxa primeira cota debía aboarse o día 05/10/2020. A consulta efectuada á AEAT foi efectuada o día 15/10/2020 e nela indícase que non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias. Presenta ademais un certificado positivo coa AEAT do 03/12/2020.

Tendo en conta a contradición existente entre a documentación achegada e o contido da consulta evacuada, xa que no momento da consulta o fraccionamento estaba concedido, considerando que os fraccionamentos teñen que incluír toda a débeda pendente coa AEAT, e que este non foi cancelado por incumprimento (tal como establecen as normas tributarias reguladoras do fraccionamento), sendo que en data 03/12/2020 o certificado é positivo, ante as dificultades existentes para conseguir unha aclaración por parte da AEAT, con tan escaso marxe de tempo, propónse a estimación das alegacións.

Polo antedito, procedería recoñecer a quen figura na seguinte táboa, como beneficiaria da axuda e establecer a valoración e a contía da subvención correspondente, consonte o baremo.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***0512**	202099900000554	2	3	2	7	420 €

Alegacións rexistro de entrada nº 2020999/1839 (rex. ent. inicial 202099900000606)

Presenta un escrito de alegacións indicando que, pola súa actividade, non está obrigada a presentar o modelo 303 da AEAT e que ten solicitado información aclaratoria ao respecto á AEAT.

Tendo en conta que a consulta negativa indica que non está ao corrente das súas obrigas tributarias por non presentar o modelo 300, 2º trimestre, do ano 2020 e que ese modelo xa non se utiliza e estando pendente a súa solicitude de información á AEAT, propónse a estimación das alegacións.

Polo antedito, procedería recoñecer a quen figura na seguinte táboa, como beneficiaria da axuda e establecer a valoración e a contía da subvención correspondente, consonte o baremo.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***3598**	202099900000606	2	3	-	5	300€



Alegacións rexistro de entrada nº 2020999/1841 (rex. ent. inicial 202099900000689)

Presenta un escrito de alegacións baseadas na prescrición da débeda pendente, que se corresponde cunha liquidación de taxa de ocupación da vía pública do exercicio 2013, cun importe pendente de 2,00€, que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 06/02/2013.

Tendo en consideración que non hai datos suficientes no expediente para considerar que non concorra no presente suposto unha causa de extinción da débeda tributaria (que operaría con anterioridade á data de presentación da solicitude), aínda que a antedita débeda figure no Informe da Tesourería municipal de data 21/10/2020, por non ter sido declarada previamente a existencia de prescrición, preséntanse dúbidas sobre a súa existencia ou non, polo que, considerando que o artigo 69 LXT establece no segundo parágrafo: "A prescrición aplicarase de oficio, incluso nos casos en que se pagase a débeda tributaria, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado tributario" e, á súa vez, o parágrafo 3 dispón: "A prescrición ganada extingue a débeda tributaria"; tendo en conta a brevidade dos prazos que dificultan a emisión do correspondente informe en tempo, proponse a estimación das alegacións presentadas e a solicitude de novo informe á Tesourería municipal sobre este particular.

Polo antedito, procedería recoñecer a quen figura na seguinte táboa, como beneficiaria da axuda e establecer a valoración e a contía da subvención correspondente, consonte o baremo.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***9216**	202099900000689	2	3	4	9	540€

TERCEIRO.- Revisión das solicitudes e da documentación xustificativa achegada.

A) En relación coa solicitude con rexistro de entrada nº 2020999/436, que fora presentada en data 29/05/2020, comprobouse que non foi incluída na resolución provisional, polo que, unha vez examinada a documentación achegada, proponse a súa inclusión como beneficiaria da subvención, polo importe que se indica, segundo o baremo aplicable e os gastos xustificadas.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***0537**	202099900000436	2	-	-	2	120 €

B) En relación coas solicitudes que figuran deseguido, presentouse e examinouse nova documentación, co que o importe da subvención vese modificado. Tamén se comprobaron os gastos xustificadas.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***9497**	202099900000699	2	3	-	5	300 €



***0873**	202099900000453	2	3	4	9	540 €
-----------	-----------------	---	---	---	---	-------

C) En relación coa solicitude con rexistro de entrada nº 202099900000564, que fora excluída como beneficiaria na resolución provisional pola causa 3ª, tendo en conta que non hai datos suficientes no expediente para considerar que non concorra no presente suposto unha causa de extinción da débeda tributaria (que operaría con anterioridade á data de presentación da solicitude), aínda que a antedita débeda figure no Informe da Tesourería municipal de data 21/10/2020, por non ter sido declarada previamente a existencia de prescrición, preséntanse dúbidas sobre a súa existencia ou non, polo que, considerando que o artigo 69 LXT establece no segundo parágrafo: “A prescrición aplicarase de oficio, incluso nos casos en que se pagase a débeda tributaria, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado tributario” e, á súa vez, o parágrafo 3 dispón: “A prescrición ganada extingue a débeda tributaria”; tendo en conta a brevidade dos prazos que dificultan a emisión do correspondente informe en tempo, proponse a estimación das alegacións presentadas e a solicitude de novo informe á Tesourería municipal sobre este particular.

Polo antedito, procedería recoñecer a quen figura na seguinte táboa, como beneficiaria da axuda e establecer a valoración e a contía da subvención correspondente, consonte o baremo.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	NORMA 7. a)	NORMA 7. e)	NORMA 7. b), c), d)	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
***0563**	202099900000564	2	3	-	5	300 €

Ademais proponse aprobar a conta xustificativa presentada e, na súa consecuencia, a aprobación do gasto correspondente, quedando condicionado o pago a que quede acreditado o cumprimento do requisito da norma 5 das bases reguladoras. De non acreditalo, ao ser un requisito imprescindible para ser recoñecido como beneficiario/a, perderían o dereito recoñecido.

CUARTO.- Declaración de concorrencia do desistimento.

A norma 9 das bases prevé que aquelas persoas solicitantes que non cumpran co requirimento efectuado en tempo e forma, entenderanse desistidas da súa solicitude.

Para estes supostos a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) establece:

Artigo 68. Emenda e mellora da solicitude.

1. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixese, teríase por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

E o artigo 21 LPAC dispón:



1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Nos casos de [...] ou desistimento da solicitude, [...], a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e las normas aplicables.

Polo que se propón a declaración da concorrencia de desistimento con carácter definitivo das seguintes solicitudes:

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA
***3946**	202099900000464
***9409**	202099900000433

QUINTO.- Aprobación das contas xustificativas.

Examínouse a documentación xustificativa dos gastos subvencionables, que foron aboados na súa totalidade mediante transferencia ou cargo en conta bancaria da persoa beneficiaria, quedando acreditado en tódolos casos o importe concedido na súa totalidade, polo que se propón a aprobación das contas xustificativas das persoas beneficiarias.

A contía total das axudas cuxa concesión se propón ascende a 28.740,00 € e non supera o límite do crédito dispoñible de 50.000€.

Por todo o exposto, o órgano instrutor declara que da información que consta no expediente despréndese que tódalas persoas propostas definitivamente como beneficiarias cumpren cos requisitos necesarios para acceder á subvención outorgada, coas condicións sinaladas nos puntos segundo e terceiro e considerando que as consultas efectuadas sobre o cumprimento do requisito da norma 5 das bases reguladoras foron emitidas no mes de outubro”.

Á vista do Informe de Intervención con referencia 286/2020, de 29/12/2020, que consta no expediente relacionado nº 2020/A002/000005.

Tendo en conta que o artigo 88.6 LPAC dispón que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación cando se incorpore ao texto da mesma.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, consonte dispón a norma novena das bases reguladoras deste procedemento,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de acordo definitiva elevada polo instrutor, e na súa virtude, dito a seguinte **RESOLUCIÓN DEFINITIVA:**

1.1.- RECOÑECER ás seguintes persoas como beneficiarias da axuda polo importe que se indica en cada caso e aprobar as contas xustificativas presentadas polos gastos que se relacionan.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
***3865**	202099900000431	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
***8836**	202099900000432	2	120,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***4885**	202099900000434	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de febreiro de 2020
***1220**	202099900000435	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0537**	202099900000436	2	120,00 €	Cotas da Mutualidade dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0126**	202099900000437	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***4095**	202099900000439	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de febreiro de 2020
***3995**	202099900000441	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***6542**	202099900000442	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0258**	202099900000443	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***3709**	202099900000444	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***8315**	202099900000448	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***0102**	202099900000449	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0890**	202099900000450	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***0786**	202099900000451	10	600,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***9268**	202099900000452	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de febreiro e agosto e pago a xestoría de maio e xuño de 2020
***0873**	202099900000453	9	540,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro e pago a xestoría de xaneiro e febreiro de 2020
***2150**	202099900000455	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro e pago a xestoría en marzo de 2020
***4285**	202099900000456	5	300,00 €	Pagos xestoría meses de xaneiro, febreiro,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
				marzo e abril de 2020
***3518**	202099900000457	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0564**	202099900000459	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1319**	202099900000460	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0029**	202099900000461	5	300,00 €	Pago alugueiro mes de febreiro de 2020
***8441**	202099900000462	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***3554**	202099900000463	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1627**	202099900000465	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***6723**	202099900000468	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1203**	202099900000473	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0267**	202099900000475	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***3902**	202099900000477	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***7990**	202099900000478	5	300,00 €	Cota de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro
***0669**	202099900000481	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1068**	202099900000484	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***6749**	202099900000489	7	420,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***8879**	202099900000497	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0111**	202099900000498	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***5258**	202099900000506	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
				febreiro de 2020
***1410**	202099900000509	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***9547**	202099900000511	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***4907**	202099900000512	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1691**	202099900000520	10	600,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***6569**	202099900000521	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***6701**	202099900000529	10	600,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro e pago xestoría abril de 2020
***1222**	202099900000530	10	600,00 €	Pago do recibo de alugueiro do mes de xaneiro de 2020
***1871**	202099900000532	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1020**	202099900000539	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***5965**	202099900000540	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0885**	202099900000542	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***0277**	202099900000552	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0590**	202099900000565	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***2710**	202099900000572	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***4306**	202099900000576	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1793**	202099900000580	5	300,00 €	Cotas de autónomos meses de xaneiro, febreiro, agosto e setembro de 2020
***9995**	202099900000588	10	600,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***0437**	202099900000589	7	420,00 €	Pagos xestoría meses de marzo, abril, maio e



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
				xuño de 2020
***0112**	202099900000599	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0568**	202099900000613	9	540,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1374**	202099900000614	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***4387**	202099900000652	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***9313**	202099900000664	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***3867**	202099900000665	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***1714**	202099900000666	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0579**	202099900000670	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0776**	202099900000674	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1078**	202099900000675	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0577**	202099900000676	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***1075**	202099900000677	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***5689**	202099900000678	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***4118**	202099900000679	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***9011**	202099900000680	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***5562**	202099900000682	10	600,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***7688**	202099900000683	7	420,00 €	Pagos xestoría meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril
***9464**	202099900000690	10	600,00 €	Pagos xestoría meses febreiro, marzo e abril



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
				de 2020
***0273**	202099900000691	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0293**	202099900000693	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***9497**	202099900000699	5	300,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0198**	202099900000700	5	300,00 €	Cota de autónomos do mes de xaneiro de 2020
***0724**	202099900000711	9	540,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020

1.2.- RECOÑECER ás seguintes persoas como beneficiarias da axuda polo importe que se indica en cada caso, e aprobar as contas xustificativas presentadas polos gastos que se relacionan. A concesión da subvención queda condicionada a que, logo dos trámites necesarios, quede acreditado que cumprían co requisito establecido na norma 5 das bases reguladoras.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	TOTAL PUNTOS	IMPORTE CONCEDIDO	Documentación acreditativa para xustificación dos gastos subvencionables
***0512**	202099900000554	7	420,00 €	Cotas de autónomos dos meses de xaneiro e febreiro de 2020
***0563**	202099900000564	5	300,00 €	Cotas de autónomos de xaneiro de 2020
***3598**	202099900000606	5	300,00 €	Cotas de autónomos de xaneiro e febreiro de 2020
***9216**	202099900000689	9	540,00 €	Cotas de autónomos de xaneiro e febreiro e pago xestoría en febreiro

1.3.- APROBAR O GASTO das cantidades que se indicaron no resolutivo PRIMEIRO (parágrafos 1 e 2), correspondentes ás subvencións concedidas a cada persoa beneficiaria e que ascenden a un total de 28.740,00 €.

1.4.- ORDENAR O PAGO das contías correspondentes a tódalas persoas beneficiarias, do parágrafo 1, do resolutivo PRIMEIRO. O importe total do pago ordenado ascende a unha contía de 27.180,00 €.

1.5.- DESESTIMAR con carácter definitivo as seguintes solicitudes por non cumprir os requisitos exixidos na convocatoria, pola causa de denegación que se indica.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)-
/ 12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	CAUSA DE DENEGACIÓN
E15736671	202099900000438	CAUSA 1ª
J15927221	202099900000454	CAUSA 1ª
J70580998	202099900000458	CAUSA 1ª
E70511597 (**9669**)	202099900000482	CAUSA 1ª
J15907587 (**1015**)	202099900000485	CAUSA 1ª
J70387873	202099900000494	CAUSA 1ª
B70426200	202099900000527	CAUSA 1ª
B15235666	202099900000551	CAUSA 1ª
B15482250	202099900000560	CAUSA 1ª
J70386206	202099900000597	CAUSA 1ª
B70028832	202099900000625	CAUSA 1ª
E15915796	202099900000634	CAUSA 1ª
B15405756	202099900000635	CAUSA 1ª
B70421219	202099900000661	CAUSA 1ª
B94181484	202099900000663	CAUSA 1ª
B70433420	202099900000672	CAUSA 1ª
B70331673	202099900000694	CAUSA 1ª
B70139720	202099900000708	CAUSA 1ª
***3862**	202099900000726	CAUSA 1ª
***1500**	202090000000468	CAUSA 2ª
***9809**	202099900000644	CAUSA 2ª
***1445**	202099900000673	CAUSA 2ª



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/ 12

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA	CAUSA DE DENEGACIÓN
***6418**	202099900000681	CAUSA 2ª
***1786**	202099900000687	CAUSA 2ª
***0896**	202099900000688	CAUSA 2ª
***6211**	202099900000643	CAUSA 2ª e CAUSA 3ª
***1015**	202099900000485	CAUSA 3ª
***1018**	202099900000496	CAUSA 3ª
***5756**	202099900000516	CAUSA 3ª
***1388**	202099900000519	CAUSA 3ª
***1673**	202099900000538	CAUSA 3ª
***6917**	202099900000578	CAUSA 3ª
***1285**	202099900000631	CAUSA 3ª
***4000**	202099900000659	CAUSA 3ª
***7597**	202099900000660	CAUSA 3ª
***7241**	202099900000662	CAUSA 3ª
***1718**	202099900000669	CAUSA 3ª
***0731**	202099900000671	CAUSA 3ª
***1575**	202099900000704	CAUSA 3ª
***3807**	202099900000692	CAUSA 4ª (En relación co rexistro de entrada n.º: 202099900000693)
***1018**	202099900000705	CAUSA 4ª (En relación co rexistro de entrada n.º 202099900000704)

1.6.- DESESTIMAR as alegacións presentadas fronte a resolución provisional por medio da solicitude con rexistro de entrada n.º 2020999/1798, por non ostentar lexitimación procesual a



alegante e manter a exclusión das persoas xurídicas como posibles beneficiarias desta liña de axudas, segundo as bases da convocatoria.

1.7.- Declarar desistidas da súa solicitude de axuda ás seguintes persoas, por non ter contestado o requirimento efectuado en tempo e forma, segundo as bases reguladoras e a normativa vixente de aplicación.

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA
***3946**	202099900000464
***9409**	202099900000433

1.8.- As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir coas obrigas establecidas polas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, en especial coa norma 11 das bases e o artigo 14 LXS. O incumprimento das anteditas obrigas será causa do reintegro total ou parcial da subvención, nos termos establecidos nas bases reguladoras e na LXS.

SEGUNDO.- Solicitar informe á Tesourería municipal sobre a existencia de causa de extinción da débeda tributaria en relación coas seguintes solicitudes:

DNI/NIE	REXISTRO ENTRADA
***9216**	202099900000689
***0563**	202099900000564

TERCEIRO.- ORDENAR A PUBLICACIÓN desta resolución definitiva no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Pontevedume, e na Base de datos nacional de subvencións (BDNS), servindo esta publicación para os efectos da notificación.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.»

Segundo dispón a norma 9.5 das bases reguladoras e consonte o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta publicación servirá para os efectos da notificación ás persoas interesadas, significándolles que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñer os seguintes recursos:

1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste



caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Pontevedra, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Secretaria Xeral, D^a Ana Ramos Ramos.

